

O lapis celoso

Había unha vez un lapis que vivía no estoxo cos seus pais e un día fíxose celoso porque lle nacera un irmán pequeno e pensaba que os seus pais non lle ían querer. Os avós foron visitar o bebé e regaláronlle roupa e ao irmán grande nada, e cada vez se puña máis celoso.


Chegaron os seus tíos con moitos xoguetes para o lapiciño, e para o lapis grande nada. Viñeron os seus primos e trouxéronlle ao lapis pequeno un balón e para o lapis grande nada de nada.

Pasou o tempo e o lapis pequeno fíxose grande, e un día ía camiñando só pola rúa e quixo atravesar para xogar cos compañeiros que estaban no patio do colexio e, como non mirou para os dous lados, pummm, veu un coche e atropelouno. Entón, o seu irmán maior que estaba cos seus

amigos ao ver o irmán pequeno coma morto na rúa púxose triste e xurou que nunca máis ía ter celos dos irmáns pequenos.

Os pais vendo a televisión ente ráronse polas noticias que os seus fillos estaban no hospital, colleron un taxi e cando chegaron viron ao fillo máis vello que estaba dando lle sangue ao máis novo, grazas a el púxose mellor moi pronto.

De volta todos á casa, o fillo máis vello contou-lles a historia dos celos e os pais pensaron que todo era un conto porque eles querían a todos os fillos por igual.



Primeiro de Ed. Primaria